



ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
XGL/2017/55	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	11 de decembro de 2017
Duración	Desde as 20:00 ata as 20:35 horas
Lugar	SALA DE SESIÓNS
Presidida por	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
Secretario	BERTA ALONSO SOTO

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77010633D	ANDRES GARCIA BASTON	SÍ
73240505H	HÉITOR MERA HERBELLO	SÍ
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	SÍ
78730184B	MARIANO ABALO COSTA	NON
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	NON
78734984G	SUSO PEREZ GALLEGO	SÍ
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	SÍ
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SÍ
78736615W	ÁNXELA VIZOSO MARCOS	NON



Concello de Cangas

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior realizada o día 4 de decembro de 2017

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local realizada o día 4 de decembro de 2017.

Expediente 7122/2017. Informe da Policía s/sinalización

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente o seguinte informe de sinalización emitido pola Policía Local:

"REX. POLICÍA Nº 1959/17

ASUNTO: AMPLIACIÓN AO INFORME 1797/17 S/ORDENACIÓN DO TRÁFICO NO BARRIO DE NAZARET, AVENIDA DE MOAÑA, RÚA MARÍA SOLIÑO E RÚA CELA

Seguidamente detállanse como quedarían as zonas coa nova proposta.

1.- VÍAS DE LIBRE CIRCULACIÓN: accedendo pola Avda. de Vigo, pola rúa Mestre Carballo. dirección de baixada ata chegar á confluencia coa rúa María Soliño, onde poderá acceder a esta e tamén á paralela da rúa Mestre Carballo que une o colexio coa saída do barrio de Nazaret. Nese tramo sinalizárase unha franxa para servizos en días lectivos máximo 5 minutos e nos horarios de entrada e saída do colexio, para deixar e recoller nenos/nenas do colexio.

2.- VÍAS CON ACCESO E ESTACIONAMENTO RESTRINXIDO: desde a rúa María Soliño pódese acceder a un tramo descendente da Avda. de Moaña, nunha zona declarada preferente peonil e restrinxida a residentes, carga e descarga e servizos de comercios e locais máximo 10 minutos. Na rúa Paz quedará habilitada unha zona de carga e descarga e de servizos para furgonetas e turismos máximo 10 minutos e horario en días laborais de 8,00 a 14,00 e de 16,00 a 21,00 horas.

3.- ZONAS PEONÍS RESERVADAS A RESIDENTES: o barrio de Nazaret, concretamente Cristo dos Navegantes e travesías quedarán declaradas como zonas peonís a todos os efectos coa colocación de paneis e sinalización correspondente. Reservarase segundo o establece a ordenanza unha zona para estacionamento reservado para residentes con tarxeta.

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



A Avda. de Moaña desde a súa confluencia coa rúa María Soliño quedará declarada peonil e reservarase estacionamentos para residentes e ata a rúa A Fonte Ferreira tamén quedará reservada para residentes.

4.- Na Avda. de Moaña, desde o panel ata abaixo queda prohibido o estacionamento e circulación excepto garaxe existe.

5.- RESERVAS: resérvanse catro prazas de estacionamento na entrada do colexio á marxe dereita e esquerda para profesores en horas lectivas.

6.- Así mesmo infórmase que o plano existente no informe presentado con anterioridade queda modificado nos puntos do plano actual".

Expediente 3969/2017. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 3969/2017.- A "UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN SA", con domicilio a efectos de notificacións en Travesía de Vigo, nº 204-PB-Vigo, para en Baixada á Congorza-Balea-Darbo, autorizar a ocupación de dominio público e conceder licenza de obras para executar unha rede de baixa tensión soterrada canalización de 7 metros, de conformidade coa documentación presentada e de acordo cos informes favorables da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de data 19.09.2017 e da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de data 24.11.2017 e e coas seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Nin durante o período das festas de nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de novecentos vinte e un euros con vinte céntimos (921,20 €), para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o Concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de "UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN SA", o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.



Concello de Cangas

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

Expediente 6479/2017. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE N° 6.479/17.- Outorgar a R. A. C. C. e J. M. C. P., con enderezo en Outeiro, n° 11-B-Coiro, licenza de legalización dunha piscina de 28,00 m2., e unha edificación anexa de 20,00 m2., de conformidade co proxecto elaborado polos arquitectos R. A. A., M. F. E. e A. L. N., de data 27 de setembro de 2017. Deberá formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza. O presuposto de execución material ascende a seis mil seiscentos euros (6.600,00 €).

Expediente 7107/2017. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE 7107/2017.- A M. V. Á. F., con enderezo a efectos de notificacións en Avenida de Ourense n° 19-baixo-Cangas, conceder, agás dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra a M. V. Á. F., para acondicionamento de local para uso de vivenda sito en planta baixa do edificio construído na Avenida de Ourense, n° 19-Cangas, de conformidade co proxecto básico elaborado polo arquitecto técnico Rafael Soliño Costas de data xuño de 2017. Deberá formalizar perante o Catastro a declaración conducente a incorporación neste da modificación do inmovible derivada da actuación para a que se outorga a presente licenza. O presuposto de execución material ascende a vinte e tres mil douscentos trinta e cinco euros con setenta céntimos (23.235,70 €).

Expediente 7525/2017. Proposta da Alcaldía s/custas establecidas no Auto de data 24.11.2017 (execución de títulos xudiciais 28/2016 derivada do xuízo verbal 470/2014 (EXP. X-15/03)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentiment
o

A Xunta de Goberno acorda aprobar integramente a seguinte:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA ÁS CUSTAS ESTABLECIDAS NO AUTO DE DATA 24.11.2017, EXECUCIÓN DE TÍTULOS XUDICIAIS N° 28/2016 DERIVADA DO XUÍZO VERBAL N° 470/2014 (EXP. X-15/03)

Visto o contido do Auto de data 24 de novembro de 2017 do Xulgado de 1ª Instancia e

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Instrución nº 3 de Cangas, recaído no procedemento de execución de títulos xudiciais nº 28/2016, seguido a instancia de M. I. L. L. e notificado á representación procesal do Concello o 28.11.2017, polo que se acorda: 'ter por ampliada a execución por importe de cincocentos setenta euros con corenta e cinco céntimos (570,45 €), correspondentes as custas desta execución, así como pola cantidade de douscentos oitenta e oito euros con trinta céntimos (288,30 €) correspondentes á metade da condena en custas do xuízo verbal nº 470/2014, conforme ao acordado na sentenza ditada en dito procedemento en data 09.10.2015'.

Por todo o exposto, esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Primeiro.- *Tomar coñecemento do Auto de data 24 de novembro de 2017 do Xulgado de 1ª instancia e instrución nº 3 de Cangas recaído no procedemento de execución de títulos xudiciais 28/2016, seguido a instancia de M. I. L. L. e notificado á representación procesal do Concello o 28.11.2017, polo que se acorda: 'ter por ampliada a execución por importe de cincocentos setenta euros con corenta e cinco céntimos (570,45 €), correspondentes as custas desta execución, así como pola cantidade de douscentos oitenta e oito euros con trinta céntimos (288,30 €), correspondentes á metade da condena en custas do xuízo verbal nº 470/2014, conforme ao acordado na sentenza ditada en dito procedemento en data 09.10.2015'.*

Segundo.- *Recoñecer a obriga e ordenar o pago por un importe total de oitocentos cincuenta e oito euros con setenta e cinco céntimos (858,75 €), con cargo ao vixente orzamento de gastos, dos cales cincocentos setenta euros con corenta e cinco céntimos (570,45 €), corresponden as custas da execución ETX 28/2016 e os douscentos oitenta e oito euros con trinta céntimos (288,30 €) corresponden á metade da condena en custas do xuízo verbal nº 470/2014, en cumprimento do disposto no Auto citado de data 24 de novembro de 2017.*

Terceiro.- *Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Intervención, Tesourería e Apoio Xurídico".*

Aprobación de novo convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Cangas para a execución do proxecto "Acondicionamento da EP 1005 entre o Viso e o Hío. Cangas" (Urxencia)

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente o seguinte texto de novo convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Cangas para a realización do proxecto "ACONDICIONAMENTO DA EP 1005 ENTRE O VISO E O HÍO. CANGAS", que é como segue:

"NOVO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O EXCMO. CONCELLO DE CANGAS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO 'ACONDICIONAMENTO DA EP 1005 ENTRE O VISO E O HÍO. CANGAS'

En Pontevedra, ... de de 2017



REUNIDOS

A Sra. María del Carmen Silva Regó, na súa condición de presidenta da Deputación de Pontevedra, actuando en virtude da competencia que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local.

O Sr. Xosé Manuel Pazos Varela, alcalde do Concello de Cangas, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local.

O Sr. D. Carlos Cuadrado Romay, secretario da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe do acto.

Ambas partes recoñécense con capacidade para formalizar o presente convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das administracións públicas,

MANIFESTAN

I.- Que os convenios entre as administracións públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os arts. 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, 57 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local e 198 e seguintes da Lei 5/97, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

II.- Que a Deputación de Pontevedra, está concienciada sobre a necesidade de aumentar a seguranza viaria en toda a rede de estradas da provincia, facendo especial fincapé nos tramos que transcorren por espazos urbanos ou núcleos rurais dos distintos concellos, dando cumprimento a asistencia que debe prestar segundo o disposto no artigo 36 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime local. Por ese motivo, o organismo provincial quere levar a cabo intervencións neste senso no seu propio vieiro e está a facer unha planificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial fincapé na protección dos colectivos mais vulnerables: peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida. O obxectivo é conformar un contorno vieiro seguro e tranquilo, fomentando a convivencia de todos os medios de transporte e sistemas de desprazamento, así como repartir de xeito equitativo o espazo público. Quérese garantir que vieiros provinciais ofrezan unha mobilidade universal nun espazo continuo de seguranza viaria.

III.- Que segundo o dispoñen os artigos 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local e 81 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, os municipios deberán prestar aos seus cidadáns, determinados servizos públicos en función da súa poboación.

IV.- Que o artigo 36 da Lei 7/1985 e os artigos 109 e 110 da Lei 5/1997, encomendan ás deputacións a que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, para tal efecto e co fin de posibilitar a consecución real e efectiva destes, é polo que se instrumenta o presente convenio dirixido ao cumprimento das obrigacións impostas pola normativa vixente.



V.- *A Deputación de Pontevedra é titular da estrada provincial E.P. 1005 Viso—O Hío, que transcorre polo Concello de Cangas e que ten unha lonxitude de 988 m.*

VI.- *Que o estado actual do firme, a accesibilidade e a convivencia entre peóns e vehículos na actualidade é complicada na situación actual da zona de actuación, sendo necesario acometer unha mellora desta. Por este motivo, a Deputación de Pontevedra e o Concello de Cangas subscribiron o convenio para a redación do proxecto de “Acondicionamento estrada EP 1005 entre O Viso e O Hío. Cangas (Pontevedra)”.*

VII.- *Tendo en conta as dificultades acontecidas no desenvolvemento de dito proxecto, entre outras a posta a disposición dos terreos en tempo e forma, as partes manifestan expresamente o seu desexo de asinar unha addenda ao convenio de colaboración co obxecto de prorrogar a súa vixencia para dar continuidade ás actuacións administrativas iniciadas tendentes a execución da obra e que establece como novo prazo de vixencia ata o remate das obras obxecto do convenio sen exceder, en todo caso, a data de 31 de decembro de 2017.*

VIII.- *A día de hoxe, as obras obxecto do convenio non se puideron licitar xa que se estudaron diversas alternativas para que o proxecto de obra cumpra cos criterios de actuacións nas estradas provinciais establecidos no decálogo aprobado por acordo plenario de 29 de xaneiro de 2016, conformando unha estrada no que as mobilidades peonil e ciclista sexan prioritarias con respecto ás mobilidades motorizadas e mellorando a seguranza viaria a través de medidas de calmado do tránsito e redución da velocidade de vehículos. Este retraso na licitación do investimento, como consecuencia da reformulación do proxecto, fai imposible executar e rematar o investimento no prazo estipulado e polo tanto xurde a necesidade de establecer un novo convenio que contemple esta situación xa que o vixente non é susceptible de novas prórrogas.*

Esta nova proposta consiste na actuación dun tramo de aproximadamente 1000 metros, que se corresponde coa lonxitude total da estrada e mailo cruce coas EP 1006 O Hío—Donón e EP 1008 O Hío-Vilanova. O proxecto resólvese situando nun único nivel a circulación de peóns e vehículos e xógase con distintos materiais, cores e texturas para conseguir unha diferenciación lóxica do espazo peonil e o reservado para a circulación de vehículos. Ademais e dados os condicionantes físicos propios do lugar, no proxecto contémplase unha zona de convivencia con prioridade peonil e redución especial de velocidade dos vehículos ata 30 km/h.

IX.- *Con fundamento en canto queda exposto e sendo patente a vontade de colaboración das entidades comparecentes, ámbalas dúas partes acordan a subscrición do presente convenio, consonte ás seguintes:*

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é o establecemento das condicións que rexerán a colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Cangas para a execución do



proxecto de “Acondicionamento estrada EP 1005 entre O Viso e O Hío. Cangas (Pontevedra)”.

As unidades de obra comprenden a demolición de firme existente para a execución da ampliación da estrada e das áreas peonís e zonas de convivencia, a renovación da rede de abastecemento e saneamento en zonas puntuais, ademáis do cambio de iluminación pública e da sinalización de toda a zona de actuación.

Segunda.- Importe

O importe o que se refire a presente actuación ascende a oitocentos sesenta e oito mil cincocentos sesenta euros con cincuenta e cinco céntimos (868.560,55 €), máis cento oitenta e dous mil trescentos noventa e sete euros con setenta e dous céntimos (182.397,72 €), en concepto de IVE, o que ascende a un orzamento total de un millón cincuenta mil novecentos cincuenta e oito euros con vinte e sete céntimos (1.050.958,27 €).

Terceira.- Financiamento

Os investimentos necesarios para a realización das mencionadas obras serán financiados pola Deputación de Pontevedra e Concello de Cangas mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:

Aportación

Deputación de Pontevedra..... 850.958,27 €.

Concello de Cangas..... 200.000,00 €.

TOTAL INVESTIMENTO..... 1.050.958,27 €.

A Deputación financia oitocentos cincuenta mil novecentos cincuenta e oito euros con vinte e sete céntimos (850.958,27 €) con cargo á aplicación 17/456 4530 612.02. 2015.

A achega do concello, douscentos mil euros (200.000,00 €), realizouse consonte ao establecido na cláusula terceira do anterior convenio e xenerou crédito incorporándose á aplicación 456 4530 612.02.



Cuarta.- *Incidencias no desenvolvemento da obra*

Calquera incidencia que poida xurdir no desenvolvemento das obras, por causas imprevistas e que obriguen a unha modificación do proxecto, ou se produza un incremento ou diminución do seu custo, será financiada de conformidade cos coeficientes dispostos na cláusula terceira.

Quinta.- *Obrigas do concello*

O Concello de Cangas obrígase a:

- 1) Obter as correspondentes licenzas e tramitar perante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.*
- 2) Obter as cesións dos terreos necesarios ao bordo da estrada para poder acometer as obras segundo as necesidades indicadas no proxecto. A obtención das cesións será condición indispensable antes da aprobación inicial do proxecto construtivo e polo tanto en ningún caso se poderá iniciar a licitación da obra sen estas.*
- 3) Levar a cabo a conservación, mantemento e explotación da infraestrutura obxecto deste convenio, logo da comunicación da Deputación de Pontevedra de finalización das obras.*
- 4) Darlle a adecuada publicidade a este convenio, de tal xeito que quede constancia que a remodelación da infraestrutura se levou a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra.*

Sexta.- *Obrigas da Deputación Provincial de Pontevedra*

- 1) Correspóndelle a redación do proxecto técnico para a execución das obras obxecto deste convenio.*
- 2) Correspóndelle a licitación, dirección, execución e recepción das obras, na que intervirá a representación do concello.*
- 3) Unha vez producido o acto formal de recepción das obras pola Deputación de Pontevedra, esta porao en coñecemento do Concello de Cangas entendéndose que tal comunicación determina o momento da obriga asumida polo Concello na cláusula quinta 3) precedente, sen prexuízo das responsabilidades que correspondan ao contratista derivadas do contrato de obras.*
- 4) Correspóndelle a obriga de remitir a información sobre o presente convenio ao Consello de Contas, en aplicación do establecido no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público e da súa normativa de desenvolvemento.*

Sétima.- *Compensación de débedas*

O Concello de Cangas faculta expresamente á Deputación para reter e compensar con cargo ás cantidades que lle poidan corresponder toda clase de débedas vencidas e pendentes de



pago.

Oitava.- *Comisión de seguimento e control*

Para o seguimento e control do cumprimento do presente convenio, así como, para aclarar as dúbidas que suscite a súa interpretación, constitúese unha comisión de seguimento da que forman parte a presidenta, o alcalde ou persoas en quen deleguen, o secretario da Deputación de Pontevedra ou persoa en quen delegue e un representante técnico de cada administración.

As súas funcións, entre outras, serán as seguintes:

- Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio, proponendo as actuacións que se consideren precisas.*
- Proponer a interpretación, en caso de dúbida, do contido deste.*
- En caso de que xurdiran controversias na aplicación do convenio, proponer ás partes a resolución destas.*

Esta comisión reunirse dentro do prazo de tres días, a contar desde a petición expresa realizada por calquera delas.

Novena.- *Vixencia do convenio*

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o remate das obras obxecto do convenio, en todo caso ata o 31 de decembro de 2018.

A vixencia do presente convenio poderá prorrogarse coa conformidade expresa das partes intervinentes.

Décima.- *Resolución*

Serán causas de resolución o incumprimento das obrigas derivadas deste convenio de conformidade co disposto na normativa vixente.

Undécima.- *Normativa aplicable*

O presente convenio ten natureza administrativa, rexéndose polas cláusulas establecidas e:

- Lei de bases de Réxime local, de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime local.*
- Lei 5/97, de 22 de xullo, da administración local de Galicia.*
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico de sector público.*
- Bases reguladoras da execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o*



Concello de Cangas

exercicio 2017.

- E demais normativa de obrigado cumprimento.

Así mesmo, as partes quedan sometidas á xurisdición contencioso-administrativa, á falta de entendemento previo pola comisión citada na cláusula novena, na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou interpretación do convenio.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio, por duplicado e a un só efecto, no lugar e na data sinalados no seu encabezamento.

*Pola Deputación Provincial de Pontevedra
Cangas*

Polo Concello de

*María del Carmen Silva Rego
Varela".*

Xosé Manuel Pazos

ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850